

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO DO CONCELLO DE RÁBADE 2025

CONCURSO DE COMPARSAS, PARELLAS ou INDIVIDUAIS (ADULTOS E INFANTÍS)

BASES

CATEGORÍAS

1ª. O Concello de Rábade convoca o tradicional concurso e desfile de disfraces coas seguintes categorías:

Comparsas (adultos e infantís)
Parellas ou Individuais (adultos e infantís)

Con motivo do Entroido 2025, celebrarase o martes 4 de marzo a partir das 17:00 horas o concurso e desfile de disfraces que terá lugar na praza de España.

As bases estarán disponibles na Área de Cultura e Deporte do Concello de Rábade e en www.concellorabade.es.

PARTICIPACIÓN

2ª. A participación queda aberta a tódalas asociacións, colexios, persoas e colectivos que o desexen.

A inscrición dos participantes farase o mesmo día 4 dende ás 16:00 h ata as 16:45 horas, aportando o nome do disfrace ou comparsa, nome, apelidos e D.N.I.

Tódolas e tódolos participantes deberán asinar unha autorización para dar o consentimento de cesión dos dereitos das fotos para publicar as mesmas nos distintos programas organizados polo Concello.

Os menores de idade aportarán os datos da persoa que os representa.

DISTRIBUCIÓN DAS MODALIDADES

3ª. As modalidades nas que poderán participar son:

COMPARSAS:

Adultos: Considérase comparsa aquelas nas que participen un mínimo de tres persoas maiores, todas elas, de 17 anos en adiante ou aquelas



comparsas que non reúnan os requisitos para entrar na categoría de infantís.

Infantís: Considérase comparsa infantil aquelas nas que participen un mínimo de tres persoas nas que as catro quintas partes sexan menores de 17 anos.

PARELLAS ou INDIVIDUAIS: : participantes nas dúas categorías (adultos e infantís), que pola súa condición requiran presentarse xuntos e teñan a temática do seu disfrace relacionada. No caso de que a parella estea formada por un adulto e un nen@ entrará na categoría Infantil

- o Adultos: participantes a partires de 17 anos.
- o Infantís: participantes menores de 17 anos.

XURADO

4ª. A cualificación dos participantes será determinada polo xurado do concurso que estará formado por un/unha representante do concello e 3 persoas integrantes de diferentes Asociacións do Concello de Rábade.

CALIFICACIÓN

5ª. Cada membro do xurado cualificará de 1 a 5 puntos cada comparsa, parella e individual tanto da categoría adulta coma infantil, tendo en conta o deseño dos traxes, a imaxinación, a orixinalidade, e a simpatía e posta en escea dos participantes.

No caso de empate a puntuación do representante do concello considerarase como dobre.

PREMIOS

6ª. Concederáanse os seguintes premios:

COMPARSAS ADULTOS	COMPARSAS INFANTÍS	PARELLAS OU INDIVIDUAIS ADULTOS	PARELLAS OU INDIVIDUAIS INFANTÍS
Primeiro premio: 300 €	Primeiro premio: 100 €	Primeiro premio: 100 €	Primeiro premio: 100 €
Segundo premio: 200 €	Segundo premio: 80 €	Segundo premio: 80 €	Segundo premio: 80 €
Terceiro premio: 100 €	Terceiro premio: 60€		Terceiro premio: 50€
	Cuarto premio: 40€		

DOUS PREMIOS ESPECIAIS “CENTENARIO 1925-2025” DE 100€.



Os premios poderán ser considerados desertos polo xurado do concurso.

ENTREGA DE PREMIOS

7ª. A entrega de premios terá lugar o mesmo día da celebración do concurso unha vez rematado o fallo do xurado.

ACEPTACIÓN DAS BASES

8ª. A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, sendo as decisións do xurado inapelables.

Rábade, 17 de febreiro de 2025

Asdo.: Remedios González Cabarcos
A alcaldesa

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

